

ACTIVIDADES 2023



CAMPAÑAS 11F | 8M | 25N

OBSERVATORIO DE IGUALDADE

ITINERARIO FORMATIVO VIRTUAL EN XÉNERO

PREMIOS EXERIA

AXUDAS PARA ACTIVIDADES DOCENTES E DE SENSIBILIZACIÓN

BOLETÍN DE IGUALDADE

CALENDARIO ANUAL

Aquí podes coñecer, de forma resumida, algunhas das accións impulsadas desde a **Unidade de Igualdade** para contribuír a avanzar na igualdade de xénero na Universidade de Vigo.

Se queres coñecer en profundidade o noso traballo podes acceder a Memoria completa onde se describen todas as medidas desvoltas durante o 2023.

Unidade de Igualdade

Edif. Ernestina Otero 1º andar

Campus universitario Vigo

igualdade@uvigo.gal



O feminismo é para todo o mundo

«Se o feminismo foi a gran revolución do século XX, o cambio do home podería ser unha das máis importantes revolucións sociais do século XXI»

A masculinidade é un campo de estudo menos analizado que a femineidade porque ser home aínda é considerado, habitualmente, como un termo neutro e un modelo de referencia. Pero o certo é que o xénero condiciona a vida de todas as persoas.

Durante o ano 2024 iniciouse unha nova liña de traballo específica en masculinidades. Entre as medidas que se levaron a cabo está a campaña #hometiñaqueser, en formato físico e virtual, e o calendario Mundo de homes que se completou cunha serie de pílulas sonoras titulada Feminismo para todo o mundo nas que trece homes de diferentes perfiles reflexionan sobre a masculinidade a partir das súas propia experiencia persoal ou profesional. Tamén publicamos unha pequena guía de Recursos para afondar no coñecemento das masculinidades.



Punto lila virtual

Deseñouse un novo recurso para solicitar información ou trasladar algunha queixa sobre acoso sexual ou sexista na universidade. Todas as cuestións atenderanse de forma preferente nun prazo máximo de 48 horas.